VíA XIV CURTAS

FESTIVAL INTERNACIONAL DE VERÍN

XV Edición - Do **30** de novembro ao **8** de decembro

ÍNDICE

//04 Patrocinadores e colaboradores
•Patrocinadores y colaboradores
//05 Saúdas • Saludas
//09 Programa
//10 Actividades Paralelas
//25 Xurado e Premios•Jurado y Premios
//27 Guía de Curtas FIC Vía XIV 2019
•Guía de Cortos FIC Vía XIV 2019
//79 Agradecementos • Agradecimientos
//80 Equipo de traballo • Equipo de trabajo

ORGANIZA:

VERÍN MEDRA CONTIGO
Concello de Verín

asociación cultural VIA XIV

PATROCINA:

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Dentalnova Fundación

AGADIC Agencia Galega das Industrias Culturais
XUNTA DE GALICIA

GADIS

MONTERREI

SOUSAS

CARLÓN IDIXITAL

CIG VERÍN - A LIMIA Confederación Intersindical Galega

C.D.E. "PEDRO BERMEJO"

verín

aever

COLABORA:

AfriAuto

BankafStudio

BOTICAS HOTEL SPA

O Retiro do Conde

ROBERTO VERINO

A Posada do Cigarrón

NUMAX

CIFP A Farixa

promocion

CLEMSON

Universidade de Vigo

MIRA

SAÚDA DO CONCELLO DE VERÍN

A proba máis apalpable da forza do cine é que todos podemos escribir a nosa biografía cosendo retais das películas que vimos. Quen non lembra a primeira vez que escoitou a Han Solo dicir "que a forza te acompañe"? Como esquecer a impresión do primeiro visionado de O Padriño, cando don Vito murmuraba que ía facer "unha oferta que non poderá rexeitar"? Ou aquel "estasme a falar a min?", de Travis Blickle en Taxi Driver, ou o "teléfono... Mi casa..." de ET; ou o "ninguén é perfecto", de Jack Lemmon en Con saias e ao tolo, ou o "Sayonara Baby", de Terminator.

O cine, ou mellor dito, cada ocasión que vemos o cine, pasa a formar parte dos nosos recordos, nunha mestura de realidade e ficción que queda para sempre na nosa memoria, "ese quimérico museo de formas, esa colección de espellos rotos", que dixo Borges.

En Verín estamos orgullosos de contemplar a madurez do noso propio "quimérico museo de formas", este Festival Internacional de Curtas VÍa XIV que este ano chega á súa cuarta edición. Din os expertos que un certame se consolida cando supera a terceira cita, co cal afrontamos con orgullo a nosa chegada á vida adulta, recibindo ademais este ano a inspiración do cinema irmán de Cuba.

O imaxinario da memoria cubano-verinesa é moi rico, como ricos foron os seus protagonistas. Temos que lembrar a orixe isleña da fortuna bancaria familiar que ampliou Xosé Manuel García Barbón, o noso filántropo local, e que repercutiu en tantos e tantos proxectos que alfombran aínda a vila -literalmente, como o empedrado do casco vello- ou a súa idiosincrasia termal, co balneario de Cabreiroá como máximo expoñente.

Desfrutemos, pois, co achegamento ao cinema irmán de Cuba como unha cerimonia de madurez, lembrando o esforzo que empregamos no camiño ata chegar ata aquí, un esforzo, como dixo Humphrey Bogart en Casablanca, que se compón "...do material que están feitos os soños".

Gerardo Seoane Fidalgo, alcalde de Verín, e

Emilia Somoza Basalo, concelleira de Cultura

SALUDA DEL AYUNTAMIENTO DE VERÍN

La prueba más palpable de la fuerza del cine es que todos podemos escribir nuestra biografía cosiendo retales de las películas que hemos visto. ¿Quién no se acuerda de la primera vez que escuchó a Han Solo decir "que la fuerza te acompañe"? ¿Cómo olvidar la impresión del primer visionado de El Padrino, cuando don Vito murmuraba que iba a hacer "una oferta que no podrá rechazar"? O aquel "¿me estás hablando a mí?", de Travis Blickle en Taxi Driver, o el "teléfono... Mi casa..." de ET; o el "nadie es perfecto", de Jack Lemmon en Con faldas y a lo loco, o el "Sayonara Baby", de Terminator.

El cine, o mejor dicho, cada ocasión que vemos cine, pasa a formar parte de nuestros recuerdos, en una mezcla de realidad y ficción que queda para siempre en nuestra memoria, "ese quimérico museo de formas, esa colección de espejos rotos", que dijo Borges.

En Verín, estamos orgullosos de contemplar la madurez de nuestro propio "quimérico museo de formas", este Festival Internacional de Cortos Vía XIV que este año alcanza su cuarta edición. Dicen los expertos que un certamen se consolida cuando supera su tercera cita, con lo cual afrontamos con orgullo nuestra llegada a la vida adulta, recibiendo además este año la inspiración del cine hermano de Cuba.

El imaginario de la memoria cubano-verinesa es muy rico, como ricos han sido sus protagonistas. Tenemos que recordar el origen isleño de la fortuna bancaria familiar que amplió José Manuel García Barbón, nuestro filántropo local, y que ha repercutido en tantos y tantos proyectos que alfombran aún la villa –literalmente, como el empedrado del casco viejo – o la idiosincrasia termal, con el balneario de Cabreiroá como máximo exponente.

Disfrutemos, pues, con el acercamiento al cine hermano de Cuba como una ceremonia de madurez, recordando el esfuerzo que empleamos en el camino hasta llegar aquí, un esfuerzo, como dijo Humphrey Bogart en Casablanca, que se compone "...del material con el que están hechos los sueños".

Gerardo Seoane Fidalgo, alcalde de Verín, y

Emilia Somoza Basalo, concejala de Cultura

MENSAXE DA DIRECTIVA DO FIC VIA XIV ENXEÑARÍA CULTURAL

Coñecer, a través da sétima arte, a realidade que se vive no Sáhara Occidental ou achegarse ata o cinema cubano actual, todo sen saír de Verín, é posible nesta nova edición do Festival Internacional de Curtas FIC Vía XIV. Un certame que se consolida, ano tras ano, e que acada neste 2019 a súa cuarta convocatoria convertido nun dos piares estables da axenda cultural da nosa vila.

Dende a organización do certame, afanámonos cada ano máis en escoller as mellores curtas que se están a realizar en diferentes países do mundo. Pezas, moitas das cales, acadan premios en diferentes foros de renome nacionais e internacionais logo de se exhibir en Verín. Xunto a isto, marcámonos como propósito confeccionar unha axenda de actividades paralelas moi completa que sexa quen de achegar aos veciños e veciñas da nosa comarca unha variada proposta de ocio ligada ao cinema.

Ademais das mostras vinculadas ao Sahara e a Cuba, nesta edición do certame traeremos a Verín a Mabel Rivera, que será homenaxeada no Auditorio, e tamén promoveremos unha actividade que entremestura música e cinema, dúas artes íntimamente ligadas. Poderemos tamén desfrutar dun avance do documental Entroidar, que descobre por dentro a maxia do Entroido de Laza, e teremos a oportunidade de ver as pezas premiadas no Festival Internacional de Curtas de Comedia de Allariz.

Tamén nesta edición contamos co respaldo dos comerciantes e empresarios de Verín, moitos dos cales engalanan estes días os seus escaparates con motivos ligados á sétima arte. E, teremos ocasión, un ano máis, de achegar a maxia do cinema aos cativos e cativas da comarca cunha axenda de actividades específica para eles.

En definitiva, estamos a facer enxeñaría cultural co obxectivo de achegar o noso festival a todos os verineses, adaptando as accións a todos os públicos. Confiamos en acertar de novo, en convertir un ano máis Verín no epicentro galego da cinematografía. Contamos convosco!

MENSAJE DE LA DIRECTIVA DEL FIC VIA XIV INGENIERÍA CULTURAL

Conocer, a través del séptimo arte, la realidad que se vive en el Sáhara Occidental o acercarse hasta el cine cubano actual, todo sin salir de Verín, es posible en esta nueva edición del Festival Internacional de Cortos FIC Vía XIV. Un certamen que se consolida, año tras año, y que alcanza en este 2019 su cuarta convocatoria convertido en uno de los pilares estables de la agenda cultura de nuestra villa.

Desde la organización del certamen, nos afanamos cada año más en escoger los mejores cortos que se están realizando en diferentes países del mundo. Piezas, muchas de las cuales, obtienen premios en diferentes foros de renombre nacionales e internacionales tras exhibirse en Verín. Junto a esto, nos marcamos como propósito confeccionar una agenda de actividades paralelas muy completa que sea capaz de acercar a los vecinos y vecinas de nuestra comarca una variada propuesta de ocio ligada al cine.

Además de las muestras vinculadas al Sáhara y a Cuba, en esta edición del certamen traeremos a Verín a Mabel Rivera, que será homenajeada en el Auditorio, y también promoveremos una actividad que entremezcla música y cine, dos artes íntimamente ligadas. Podremos también disfrutar de un avance del documental Entroidar, que descubre por dentro la magia del Carnaval de Laza, y tendremos la oportunidad de ver las piezas premiadas en el Festival Internacional de Cortos de Comedia de Allariz.

También en esta edición contamos con el respaldo de los comerciantes y empresarios de Verín, muchos de los cuales engalanan estos días sus escaparates con motivos vinculados al séptimo arte. Y, tendremos ocasión, un año más, de acercar la magia del cine a los niños y niñas de la comarca a través de una agenda de actividades específica para ellos.

En definitiva, estamos realizando ingeniería cultural con el objetivo de acercar nuestro festival a todos los verineses, adaptando las acciones a todos los públicos. Confiamos en acertar de nuevo, y convertir un año más a Verín en el epicentro gallego de la cinematografía. ¡Contamos con vosotros!

PROGRAMA

AUDITORIO

HORA	Sábado 30	Domingo 1
17:00 h		NOVA 1
18:30 h	INAUGURACI N (20:00h)	A RAIA 2
20:30 h	NOVA 4	A RAIA 3
22:00 h	A RAIA 1	

	Lunes 2	Martes 3	Mércores 4	Xoves 5	Venres 6	Sábado 7	Domingo 8
10:00 h	CINEMA MARABILLAS	CINEMA MARABILLAS	CINEMA MARABILLAS				
12:30 h				MESA PROXECTA	HORIZONTES 2		
17:00 h	A RAIA 3	HORIZONTES 2	NOVA 2	NOVA 3	A RAIA 1		
18:30 h	OUTRA MIRADA 2	NOVA 2	FESTIVAL CONVIDADO RIB	A RAIA 1	SAHARA 2		
20:30 h	CÁMARA E BATUTA	ENTROIDAR WORK IN PROGRESS	CINEMA CUBANO ACTUAL	SAHARA 1	MABEL RIVERA	Gala Final 21:00h	GAÑADORES
22:30 h	NOVA 3	NOVA 1	OUTRA MIRADA 1	HORIZONTES 1	NOVA 4		

CASA DA CULTURA

HORA	Domingo 1
17:00 h	
18:30 h	OUTRA MIRADA 1
20:30 h	NOVA 1
22:00 h	

	Lunes 2	Martes 3	Mércores 4	Xoves 5	Venres 6	Sábado 7
11:30 h						
12:30 h					CINEMA CUBANO ACTUAL	FESTIVAL CONVIDADO RIB
17:00 h	OUTRA MIRADA 1	A RAIA 2	HORIZONTES 1	NOVA 4	HORIZONTES 1	CINEMA CUBANO ACTUAL (17:30h)
18:30 h	HORIZONTES 2	NOVA 3		NOVA 2		
20:30 h						
22:30 h		OUTRA MIRADA 2	A RAIA 3	OUTRA MIRADA 2	A RAIA 2	

CATEGORÍAS E CURTAS

NOVA 1
Un été viril
Brottas
La belle affaire
She runs

NOVA 2
Suc de síndria
La grande vacance
The art of saying goodbye
Un paseo por
New York Harbor

NOVA 3
La jeune fille et ses tocs
Good intentions
Blue boy
Amies

NOVA 4
The distance between us
and the sky
Pompon Girl
Butterboo
Después también

A RAIA 1
16 de decembro
Letters from childhood
Santa Baia de Montes
Cães que ladram aos pássaros
Marusía
Farruca

A RAIA 2
The marvelous misadventures
of the stone lady
Into dragon ball
Sagrada Familia
Sansa
A barriga de Mariana

A RAIA 3
Encarnados
Past perfect
Os prexuizos da auga
O que precede á caída e branco
Homomaquia

OUTRA MIRADA 1
Inside me
Leyenda dorada
Flow
Trapped in the city
of a thousand mountains
Lo siento mi amor

OUTRA MIRADA 2
Places
Monstruo Dios
Juck [Thrust]
Kids
Hard on

HORIZONTES 1
La chambre
La flaca
Los que no sienten
Salam

HORIZONTES 2
Ashmina
Bab sebta
En nuestra casa
Anna
Dark Chamber

Sesión Mabel Rivera
Alto san nen
Muero por volver
Dantzariak (Bailarines)
Anacos

ACTIVIDADES PARALELAS

RETROSPECTIVA DE CINEMA CUBANO ACTUAL

No marco desta actividade paralela, ofrécese unha retrospectiva de curtametraxes representativas do cinema cubano actual, todas elas realizadas entre os anos 2015 e 2019. A produtora e directora artística de orixe cubana, Claudia Expósito, foi a encargada de realizar a escolma de curtas que se exhiben en Verín no marco desta iniciativa.

Expósito ten participado, dende o ano 1993, nuns 150 espectáculos musicais, festivais, eventos e proxectos audiovisuais. Xunto a isto creou e produciu varios espazos artísticos culturais como Xogo de Malabares, Puntal Alt ou A Guitarra Limpa, entre outras.

Vocación social

A retrospectiva será exhibida en dous bloques diferentes como programación paralela á do propio Festival de Curtas de Verín e constitúe un perfecto exemplo da vocación social que ten o certame e que posibilita conectar Verín con outras realidades e culturas a través do cinema.

No marco desta retrospectiva poden verse en Verín as curtas Ángela, de Juan Pablo Daranas; Las muertes de Arístides, de Lázaro Lemus; Los viejos heraldos, de Luis Alejandro Yero; Gloria eterna, de Yimit Ramírez; Casa de la noche, de Marcel Beltrán; No country for old squares, de Yolanda Durán y Ermitis Blanco; El Pescador, de Ana A. Alpízar e Paisaje, de Daiyan Noa.

Datos das curtas:

Ángela

Fic./ 2018/13´

Dirección: Juan Pablo Daranas Molina.

Produtora: fila 20 filmes.

Sinopse: Unha inmigrante cubana trata de abrirse camiño en Nova York.

Las muertes de Arístides

Doc/2019/16´

Dirección: Lázaro Lemus.

Produtora: Fondo Noruego para el Cine Cubano.

Sinopse: Arístides morreu dun disparo mentres cumpría o Servizo Militar en 1991. A súa memoria é reconstruída polas persoas que o lembran.

Los viejos heraldos
Doc/2018/23´
Dirección: Luis Alejandro Yero.
Produtora: EICTV.
Sinopse: Tatá e Esperanza presencian as eleccións dun presidente cubano sen o apelido Castro por primeira vez en medio século. Aos seus case 90 anos, testemuñan en silencio a fin dunha das tantas eras vividas. Coma dous faros dun remoto tempo.

Gloria eterna
Fic/2017/12´
Dirección: Yimit Ramírez.
Produtora: EICTV.
Sinopse: Julián é obreiro destacado merecedor do premio maior que outorga a súa sociedade. É o premio que sempre desexou, pero no momento en que o nomean grandes conflitos acoden á súa cabeza.

Casa de la noche
Doc/2016/13´
Dirección: Marcel Beltrán.
Produtora: Mediocielo Film Group.
Sinopse: A Habana, cidade marabilla, ten as súas raíces no espírito de quen a habita. É a patria que se absorbe desde o seu seo e se nos revela. Casa de la noche propón unha visión utópica inspirada na Habana e os seus símbolos desde o tratamento e degradación do celuloide.

No country for old squares
Ani/2015/13´
Dirección: Yolanda Durán Fernández / Ermitis Blanco.
Produtora: ÑO Productions.
Sinopse: Un país de cadrados diríxise dende o alto dunha illa flotante. Sucesos inesperados cuestionan a autoridade.

El pescador
Fic/2016/14´
Dirección: Ana A. Alpízar.
Sinopse: É inverno e Tomás, un modesto pescador, non cede ante unha mala etapa. Para poder pagar as clases de canto da súa filla, sacrifícase ata lograr capturar un peixe nunha dura noite en mar aberto.

Paisaje
Fic/2016/9´
Dirección: Daiyan Noa.
Produtora: La Covacha.
Sinopse: Isael vive cos seus pais na ladeira do Pan de Guajaibón. A súa rutina lémbranos que ¨o home sempre ten dúas fames¨.

ACTIVIDADES PARALELAS

RETROSPECTIVA DE CINE CUBANO ACTUAL

En el marco de esta actividad paralela, se ofrece una retrospectiva de cortometrajes representativos del cine cubano actual, todos ellos realizados entre los años 2015 y 2019. La productora y directora artística de origen cubano, Claudia Expósito, ha sido la encargada de realizar la selección de cortos que se exhiben en Verín en el marco de esta iniciativa.
Expósito ha participado, desde el año 1993, en unos 150 espectáculos musicales, festivales, eventos y proyectos audiovisuales. Junto a esto, ha creado y producido varios espacios artíticos culturales como Juego de Malabares, Puntal Alto o La Guitarra Limpia, entre otras.

Vocación social
La retrospectiva será exhibida en dos bloques diferentes como programación paralela a la del propio Festival de Cortos de Verín y constituye un perfecto ejemplo de la vocación social que tiene el certamen y que posibilita conectar Verín con otras realidades y culturas a través del cine.
En el marco de esta retrospectiva pueden verse en Verín los cortos Ángela, de Juan Pablo Daranas; Las muertes de Arístides, de Lázaro Lemus; Los viejos heraldos, de Luis Alejandro Yero; Gloria eterna, de Yimit Ramírez; Casa de la noche, de Marcel Beltrán; No country for old squares, de Yolanda Durán y Ermitis Blanco; El Pescador, de Ana A. Alpízar y Paisaje, de Daiyan Noa.

Datos de los cortos:

Ángela
Fic./ 2018/13´
Dirección: Juan Pablo Daranas Molina.
Productora: fila 20 filmes.
Sinopsis: Una inmigrante cubana trata de abrirse camino en Nueva York.

Las muertes de Arístides
Doc/2019/16´
Dirección: Lázaro Lemus.
Productora: Fondo Noruego para el Cine Cubano.
Sinopsis: Arístides murió de un disparo mientras cumplía el Servicio Militar en 1991. Su memoria es reconstruída por las personas que lo recuerdan.

Los viejos heraldos
Doc/2018/23´
Dirección: Luis Alejandro Yero.
Productora: EICTV.
Sinopsis: Tatá y Esperanza presencian las elecciones de un presidente cubano sin el apellido Castro por primera vez en medio siglo. A sus casi 90 años, atestiguan en silencio el fin de una de las tantas eras vividas. Como dos faros de un remoto tiempo.

Gloria eterna
Fic/2017/12´
Dirección: Yimit Ramírez.
Productora: EICTV.
Sinopsis: Julián es obrero destacado merecedor del premio mayor que otorga su sociedad. Es el premio que siempre ha deseado, pero en el momento en que lo nominan grandes conflictos acuden a su cabeza.

Casa de la noche
Doc/2016/13´
Dirección: Marcel Beltrán.
Productora: Medio cielo Film Group.
Sinopsis: La Habana, ciudad maravilla, tiene sus raíces en el espíritu de quienes la habitan. Es la patria que se absorbe desde su seno y se nos revela. Casa de la noche propone una visión utópica inspirada en La Habana y sus símbolos desde el tratamiento y degradación del celuloide.

No country for old squares
Ani/2015/13´
Dirección: Yolanda Durán Fernández / Ermitis Blanco.
Productora: ÑO Productions.
Sinopsis: Un país de cuadrados se dirige desde lo alto de una isla flotante. Eventos inesperados cuestionan la autoridad.

El pescador
Fic/2016/14´
Dirección: Ana A. Alpízar.
Sinopsis: Es invierno y Tomás, un modesto pescador, no cede ante una mala racha. Para poder pagar las clases de canto de su hija, se sacrifica hasta lograr capturar un pez en una dura noche en mar abierto.

Paisaje
Fic/2016/9´
Dirección: Daiyan Noa.
Productora: La Covacha.
Sinopsis: Isael vive con sus padres en las faldas del Pan de Guajaibón. Su cotidianidad nos recuerda que ¨el hombre siempre tiene dos hambres¨.

ACTIVIDADES PARALELAS

AS DÚAS CARAS DO SÁHARA OCCIDENTAL

As dúas caras do Sáhara Occidental é unha actividade paralela que ten como misión amosar, dende a cinematografía, unha realidade en conflito (a vida dentro e fóra dos campos de refuxiados nesta zona) a través de diversos puntos de vista.

Xa o ano pasado, no FIC Vía XIV levouse a cabo unha actividade cinematográfica que amosou o conflito palestino-israelí dende diversos ángulos e a través do cinema. Deste xeito, *As dúas caras do Sáhara Occidental* da continuidade a esta pretensión do Festival de Curtas de Verín de erixirse coma espazo de diálogo e punto de encontro a través do cine.

A Dirección do FIC Vía XIV considera interesante dar a coñecer en Verín diferentes realidades políticas, especialmente nestes tempos convulsos marcados pola inestabilidade política e económica.

Esta actividade divídese en dúas sesións. Na primeira exhibirase a longametraxe *Hamada*, de Eloy Domínguez, presentada polo propio director e cun coloquio posterior ao visionado. Na segunda das sesións, amosaranse as curtas *L´Aarifa* de Mohamed Salem Lansari, BrahamChagaf e Digya Mohamed-Salm e *Tres cámaras roubadas*, un proxecto colectivo de Equipe Media.

Datos dos filmes:

Hamada

Director: Eloy Domínguez

No medio do deserto do Sáhara viven as xeracións ás que Marrocos negou o país en 1975. Con vitalidade, humor e situacións inesperadas, este documental é o retrato dun grupo de amigos que viven nun campamento de refuxiados en pleno deserto. Xuntos, usan o poder da creatividade e a diversión para denunciar a realidade que lles rodea e expandirse máis alá dos límites do campamento.

Tres cámaras roubadas

Director: Equipe Media

Premio á Mellor Película Documental no Festival Internacional de Cine de Suleymaniyah, capital do Kurdistán iraquí, esta é unha historia sobre como romper unha censura absoluta con imaxes únicas nunha área onde as autoridades marroquíes teñen logrado implementar un bloqueo de medios case total.

L'Aarifa

Directores: Mohamed Salem Lansari, Brahim Chagaf e Digya Mohamed-Salem.

L- Aarifa é un cargo dentro da estrutura política do Polisario. Nos campamentos de poboación refuxiada saharauí, este posto é ocupado por mulleres, quen, á súa vez, tiveron gran peso dentro do conflito. Nesta curta móstrase o problema entre a familia e o traballo ao que se enfronta unha destas mulleres.

ACTIVIDADES PARALELAS

LAS DOS CARAS DEL SÁHARA OCCIDENTAL

Las dos caras del Sáhara Occidental es una actividad paralela que tiene como misión mostrar, desde la cinematografía, una realidad en conflicto (la vida dentro y fuera de los campos de refugiados en esta zona) a través de diversos puntos de vista.

Ya el año pasado, en el FIC Vía XIV se llevó a cabo una actividad cinematográfica que mostró el conflicto palestino-israelí desde diversos ángulos y a través del cine. De este modo, *Las dos caras del Sáhara Occidental* da continuidad a esta pretensión del Festival de Cortos de Verín de erigirse como un espacio de diálogo y punto de encuentro a través del cine.

La Dirección del FIC Vía XIV considera interesante dar a conocer en Verín diferentes realidades políticas, especialmente en estos tiempos convulsos marcados por la inestabilidad política y económica.

Esta actividad se divide en dos sesiones. En la primera se exhibirá el largometraje *Hamada*, de Eloy Domínguez, presentado por el propio director y con un coloquio posterior al visionado. En la segunda de las sesiones, se mostrarán los cortos *L´Aarifa* de Mohamed Salem Lansari, BrahamChagaf y Digya Mohamed-Salm y *Tres cámaras robadas*, un proyecto colectivo de Equipe Media.

Datos de los films:

Hamada

Director: Eloy Domínguez

En el medio del desierto del Sáhara viven las generaciones a las que Marruecos negó el país en 1975. Con vitalidad, humor y situaciones inesperadas, este documental es el retrato de un grupo de amigos que viven en un campamento de refugiados en pleno desierto. Juntos, usan el poder de la creatividad y la diversión para denunciar la realidad que les rodea y expandirse más allá de los límites del campamento.

Tres cámaras robadas

Director: Equipe Media

Premio a la Mejor Película Documental en el Festival Internacional de Cine de Suleymaniyah, capital del Kurdistán iraquí, esta es una historia sobre cómo romper una censura absoluta con imágenes únicas en un área donde las autoridades marroquíes han logrado implementar un bloqueo de medios casi total.

L'Aarifa

Directores: Mohamed Salem Lansari, Brahim Chagaf y Digya Mohamed-Salem.

L-Aarifa es un cargo dentro de la estructura política del Polisario. En los campamentos de población refugiada saharaui, este puesto es ocupado por mujeres, quienes, a su vez, han tenido gran peso dentro del conflicto. En este corto se muestra el problema entre la familia y el trabajo al que se enfrenta una de estas mujeres.

FESTIVAL CONVIDADO RIR DE ALLARIZ

O Festival Internacional de Curtametraxes de Comedia de Allariz (RIR) tense convertido, con tan só dúas edicións ás súas costas, nun foro de referencia cinematográfico e lúdico na provincia de Ourense. Isto é así porque neste festival hai cabida para diferentes actividades artísticas que enchen as rúas e prazas de Allariz e que combinan accións para os cativos e para os maiores co humor como principal ingrediente.

O RIR de Allariz é o Festival Convidado neste 2019 polo FIC Vía XIV de Verín. No marco desta actividade paralela, exhibiranse as curtas premiadas na súa última edición, celebrada hai poucos meses. Deste xeito, o palmarés do RIR 2019, que poderá verse en Verín, inclúe as seguintes pezas:

El jarrón de Rubén Tejerina
Premio do Público á MellorCurtametraxe

Una noche con Juan Diego Botto de Teresa Bellón & César F. Calvillo
Mención especial del jurado

In love de Les Frères López
Premio á MellorCurtametraxe de Ficción

Héroes de Juan Pablo Zaramella
Premio á Mellor Curtametraxe de Animación

Beautiful day de Fabrice Herbaurt
Premio á Mellor Dirección

El graffiti de Aurélien Laplace
Premio *Fundación Vicente Risco* ao Mellor Guion

FESTIVAL INVITADO RIR DE ALLARIZ

El Festival Internacional de Cortometrajes de Comedia de Allariz (RIR) se ha convertido, con tan solo dos ediciones a sus espaldas, en un foro de referencia cinematográfico y lúdico en la provincia de Ourense. Esto es así porque en este festival hay cabida para diferentes actividades artísticas que llenan las calles y plazas de Allariz y que combinan acciones para los más pequeños y para los mayores con el humor como principal ingrediente.

El RIR de Allariz es el Festival Invitado en este 2019 por el FIC Vía XIV de Verín. En el marco de esta actividad paralela, se exhibirán los cortos premiados en su última edición, celebrada hace pocos meses. De este modo, el palmarés del RIR 2019, que podrá verse en Verín, incluye las siguientes piezas:

El jarrón de Rubén Tejerina
Premio del Público al Mejor Cortometraje

Una noche con Juan Diego Botto de Teresa Bellón & César F. Calvillo
Mención especial del jurado

In love de Les Frères López
Premio al Mejor Cortometraje de Ficción

Héroes de Juan Pablo Zaramella
Premio al Mejor Cortometraje de Animación

Beautiful day de FabriceHerbaurt
Premio a la Mejor Dirección

El graffiti de Aurélien Laplace
Premio *Fundación Vicente Risco* al Mejor Guion

CÁMARA E BATUTA

Esta actividade paralela que se desenvolverá ao abeiro do FIC Vía XIV proponnos unha viaxe a través das bandas sonoras do cinema da man de Edelmiro L. Mateo, responsable da Coral Polifónica da vila. No marco desta actividade, na que participará a propia Coral, tamén haberá unha actuación da Agrupación Instrumental Infantil do Conservatorio de Verín, dirixida por Miguel Ángel Guerra.

Trátase dunha actividade que pretende por en valor o importante papel que a música ten no cinema. De feito, son moitas as bandas sonoras que se teñen convertido en clásicos ao pasar a formar parte do acervo e do patrimonio cultural de todos os cidadáns.

Cámara e batuta analizará o camiño paralelo que teñen trazado estas dúas actividades irmáns, que son a música e o cinema. No marco desta actividade, efectuarase un repaso, pois, de dúas disciplinas que están intimamente ligadas e detallaranse claves sobre os efectos que a música xoga na narrativa audiovisual.

CÁMARA Y BATUTA

Esta actividad paralela que se desarrolla al amparo del FIC Vía XIV nos propone un viaje a través de las bandas sonoras del cine de la mano de Edelmiro L. Mateo, responsable de la Coral Polifónica de la villa. En el marco de esta actividad, en la que participará la propia Coral, también habrá una actuación de la Agrupación Instrumental Infantil del Conservatorio de Verín, dirigida por Miguel Ángel Guerra.

Se trata de una actividad que pretende poner en valor el importante papel que la música tiene en el cine. De hecho, son muchas las bandas sonoras que se han convertido en clásicos al pasar a formar parte del acervo y del patrimonio cultural de todos los ciudadanos.

Cámara y batuta analizará el camino paralelo que han trazado estas dos actividades hermanas que son la música y el cine. En el marco de esta actividad, se efectuará un repaso, pues, de dos disciplinas que están íntimamente ligadas y se detallarán las claves sobre los efectos que la música juega en la narrativa audiovisual.

CINEMA MARABILLAS

Un ano máis, desde o FIC VERÍN queremos convidar ás nenas e nenos dos colexios de Verín e da comarca a asistir a unha programación creada para eles, elaborada con agarimo para que gocen do cinema todos xuntos.

Nesta edición descubriremos a amizade entre o cine e a literatura infantil e xuvenil da man da contacontos Raquel Queizás.

Poderemos desfrutar co visionado das primeiras adaptacións cinematográficas inspiradas nos contos marabillosos e nos libros clásicos da literatura.

O obxectivo é facerlles ver ás crianzas que esas historias que coñecen poden contarse de diferentes maneiras. Que entendan que o cine mudo é unha expresión que pode resultar moi divertida. Coñeceremos as trucaxes visuais que se empregaban para recrear a fantasía.

Non faltará aventura, misterio, tenrura, risas, maxia, fantasía e sobre todo moita imaxinación.

A literatura é e sempre será unha gran fonte de inspiración para o cine. O cinema tamén se le.

Polgariño, Alicia no pais das Marabillas, Peter Pan, O Mago de Oz... Os protagonistas destas historias son nenas e nenos que teñen preocupacións e reflexionan sobre o mundo no que viven. Son fortes, sensatos e pensan por si mesmos. Reflexan as etapas evolutivas dos espectadores máis cativos. Axudan a formar o seu pensamento crítico e a súa capacidade reflexiva sobre temas como a amizade, o amor, a autoestima, a igualdade de xénero, o respecto polo diferente.

CINE MARAVILLAS

Una vez más, desde FIC VERÍN queremos invitar a las niñas y niños de las escuelas de Verín y de la región a asistir a un programa creado para ellos, elaborado con cariño para que disfruten del cine todos juntos.

En esta edición descubriremos la relación de amistad entre el cine y la literatura infantil y juvenil de la mano de la cuentacuentos Raquel Queizás.

Podremos disfrutar de la visualización de las primeras adaptaciones cinematográficas inspiradas en las maravillosas historias y libros clásicos de la literatura.

El objetivo es hacerles ver que estas historias que conocen se pueden contar de diferentes maneras. Comprender que el cine mudo es una expresión que puede ser muy divertida. Conoceremos los trucos visuales utilizados para recrear la fantasía.

No faltará la aventura, el misterio, la ternura, las risas, la magia, la fantasía y sobre todo la imaginación.

La literatura es y siempre será una gran fuente de inspiración para el cine. El cine también se lee.

Pulgarcito, Alicia en el país de las maravillas, Peter Pan, El mago de Oz... Los protagonistas de estas historias son niñas y niños que tienen preocupaciones y reflexionan sobre el mundo en el que viven. Son fuertes, sensibles y piensan por sí mismos. Reflejan las etapas evolutivas de la audiencia más joven. Ayudan a dar forma a su pensamiento crítico y a su capacidad de reflexión sobre temas como la amistad, el amor, la autoestima, la igualdad de género y el respeto por los diferentes.

ENTROIDAR WORK IN PROGRESS

Entroidar é un documental que se asenta en tres piares fundamentais: as personaxes que fan posible o Entroido, os lugares nos que se fai e a propia celebración. O director deste proxecto, cuxo primeiro avance se vai presentar no decurso do FIC Vía XIV de Verín, é o santiagués Pablo Ces.

Tal e como salienta o director, este documental "busca tumbar mitos" e céntrase moi especificamente no Entroido de Laza. Neste municipio, o Entroido non só se estende durante cinco días senón que comeza a principios de cada ano, cando os chocos inician o ruxir pola contorna.

O Entroido de Laza son os peliqueiros, pero tamén as formigas, as madamas, os maragatos... "Queremos ver como se transforman as persoas que están detrás das personaxes que se dan no Entroido", destaca Ces.

O documental, que está en proceso de realización, non consiste só nunha recompilación de declaracións, senón que realiza un seguimento de diferentes referentes desta celebración e afonda nas súas vidas e no que significa o Entroido para elas e eles. A condución da historia no documental está a cargo dun "consello de sabios" que conversan entre si para esclarecer e narrar o acontecer dos feitos.

Ademais de se presentar un avance do documental, no FIC Vía XIV haberá un debate sobre o mesmo e unha exposición no hall do Auditorio de Verín que levará por título *"Descubrindo o Entroido de Laza".*

Pablo Ces Marco

Nado en Santiago en 1978, o director de Entroidar é Enxeñeiro Técnico Informático de Sistemas e Licenciado en Comunicación Audiovisual. Nos seus comezos no mundo audiovisual foi axudante de produción en varios proxectos, operador de cámara e responsable de edición en Mr Misto Films. Durante o ano 2011 foi produtor e realizador de vídeos corporativos e publicitarios para Tv7. Dirixiu varios documentais, entre eles *As silenciadas*, premio Mestre Mateo 2011 ao Mellor Documental e Premio "Popular (Runner Up)" no Festival Internacional Online Humanity Explored entre outros (www.silenciadas.es), *Torreiros* (2012) e *O eslabón perdido* (2014), que foron seleccionados en máis de 30 festivais nacionais e internacionais.

ENTROIDAR WORK IN PROGRESS

Entroidar es un documental que se asienta en tres pilares fundamentales: los personajes que hacen posible el Entroido, los lugares en los que se hace y la propia celebración. El director de este proyecto, cuyo primer avance se va a presentar en el decurso del FIC Vía XIV de Verín, es el santiagués Pablo Ces.

Tal y como destaca el director, este documental "busca tumbar mitos" y se centra muy específicamente en el Entroido de Laza. En este municipio, el carnaval no solamente se extendió durante cinco días sino que comienza a principios de cada año, cuando los *chocos* inician su *rumrum* por la zona.

El Entroido de Laza son los peliqueiros, pero también las hormigas, las madamas, los maragatos… "Queremos ver cómo se transforman las personas que están detrás de los personajes que se dan en el Entroido", destaca Ces.

El documental, que está en proceso de realización, no consiste solamente en una recopilación de declaraciones, sino que realiza un seguimiento de diferentes referentes de esta celebración y ahonda en sus vidas y en lo que significa el carnaval para ellas y ellos. La conducción de la historia en el documental está a cargo de un "consejo de sabios" que conversan entre sí para esclarecer y narrar el devenir de los hechos.

Además de la presentación del avance de este documental, en el FIC Vía XIV va a haber un debate sobre el mismo y una exposición en el hall del Auditorio de Verín que llevará por título "Descubriendo el Entroido de Laza"

Pablo Ces Marco

Nacido en Santiago en 1978, el director de *Entroidar* es Ingeniero Técnico Informático de Sistemas y Licenciado en Comunicación Audiovisual. En sus comienzos en el mundo audiovisual fue ayudante de producción en varios proyectos, operador de cámara y responsable de edición en Mr. Misto Films. Durante 2011, fue productor y realizador de vídeos corporativos y publicitarios para Tv7. Ha dirigido varios documentales, entre ellos *As silenciadas*, Premio Mestre Mateo 2011 al Mejor Documental y Premio "Popular (Runner Up)" en el Festival Internacional Online Humanity Explored, entre otros (www.silenciadas.es), *Torreiros* (2012) y *El eslabón perdido* (2014), que fueron seleccionados en más de 30 festivales nacionales e internacionales.

MABEL RIVERA: UNHA HOMENAXE A UNHA TRAXECTORIA ÚNICA EN GALICIA

Cunha fecunda e prolífica traxectoria artística que inclúe teatro, cinema e televisión, Mabel Rivera é unha das actrices máis salientables das artes escénicas galegas. O FIC Vía XIV de Verín quere renderlle homenaxe cunha actividade que inclúe o visionado dalgunhas das curtametraxes máis representativas da súa carreira e un coloquio no que participará a propia Rivera.

Gañadora dun Premio Goya por *Mar Adentro*, no ano 2005, Rivera é un rostro ben coñecido para os telespectadores galegos pola súa participación na célebre serie *Pratos Combinados*, que estivo en antena durante oito anos na Televisión de Galicia.

Estes son os títulos que se proxectarán no marco da homenaxe á actriz ferrolá:

Título	Director	Sinopse
Ato San Nen	Pedro Collantes	Marisa é viúva, ten 75 anos e vive soa nun pequeno pobo de campo, coa única compaña do seu can
Muero por volver	Javier Marco	Aos seus 78 anos, Manuela merca uns anteollos de realidade aumentada
Dantzariak (Bailarines)	Axier Salazar	O marido de Toñi foi asasinado por unha bomba de ETA. Despois de 28 anos, Toñi e o ex etarra que cometeu o atentado reúnense para falar.
Anacos	Xacio Baño	A vida dunha persoa pode ser tan simple e sinxela como a súa receita de biscoito

MABEL RIVERA: UN HOMENAJE A UNA TRAYECTORIA ÚNICA EN GALICIA

Con una fecunda y prolífica trayectoria artística que incluye teatro, cine y televisión, Mabel Rivera es una de las actrices más destacadas de las artes escénicas gallegas. El FIC Vía XIV de Verín quiere rendirle homenaje con una actividad que incluye el visionado de algunos de los cortometrajes más representativos de su carrera y con un coloquio en el que participará la propia Rivera.

Ganadora de un Premio Goya por *Mar Adentro*, en el año 2005, Rivera es un rostro bien conocido para los telespectadores gallegos por su participación en la célebre serie *Platos Combinados*, que estuvo en antena durante ocho años en la Televisión de Galicia.

Estos son los títulos que se proyectarán en el marco del homenaje a la actriz ferrolana:

Título	Director	Sinopse
Ato San Nen	Pedro Collantes	Marisa es viuda, tiene 75 años y vive sola en un pequeño pueblo de campo, con la única compañía de su perro Tico
Muero por volver	Javier Marco	A sus 78 años, Manuela se compra una cámara y unas gafas de realidad aumentada
Dantzariak (Bailarines)	Axier Salazar	El marido de Toñi fue asesinado por una bomba de ETA. Después de 28 anos, Toñi y el ex etarra que cometió el atentado se reúnen para hablar.
Anacos	Xacio Baño	La vida de una persona puede ser tan simple y sencilla como su receta de bizcocho

XURADO E PREMIOS
Membros do xurado oficial do FICViaXIV 2019

